

c) organismos e institucións. Estas análises poderán revestir a forma de estudos, informes ou libros brancos e serán levadas a cabo na forma que se determine en cada caso.

b) Realiza-lo seguimento das políticas desenvolvidas polas administracións públicas a favor das PEME, así como da evolución destas, con obxecto de mellorar e ampliar-lo seu marco referencial.

c) Elaborar informes e elevar propostas nos distintos ámbitos de decisión que incidan na viabilidade e desenvolvemento das PEME, para o que se poderán solicitar datos, informes e documentación a outros departamentos ou entidades e recadar asistencia técnica especializada.

d) Crear e desenvolver ferramentas de xestión que permitan supera-las limitacións e aumenta-la eficacia das PEME e, así mesmo, posibilita-lo acceso destas a elas.

e) Propor medidas que logren a optimización ou desenvolvemento dos sistemas de información e comunicación da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa, de xeito que se garanta o acceso das PEME a estes instrumentos e medidas.

Os obxectivos últimos do debate serán identificar e intercambiar criterios, experiencias e mellores prácticas, que serán presentadas como relatorios, para alcanza-las conclusións oportunas. Pola súa proximidade e relevancia prestarase especial atención á experiencia europea e dos países da OCDE.

Artigo 5. *Réxime de funcionamento.*

O Pleno do Observatorio da Pequena e Mediana Empresa reunirse alomenos dúas veces ó ano ou cando o seu presidente o convoque.

No seo do Observatorio poderán constituírse comisións de traballo, ás reunións das cales poderán ser convocados representantes das administracións públicas e dos sectores implicados, actuando como asesores nas materias que se vaian tratar.

O Observatorio establecerá as súas propias normas de funcionamento. No non previsto no presente real decreto e nas súas normas de funcionamento será aplicable o disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira. *Medios de funcionamento do Observatorio da Pequena e Mediana Empresa.*

O funcionamento do novo Observatorio da Pequena e Mediana Empresa non suporá incremento ningún do gasto público e será atendido cos medios materiais e de persoal xa existentes no Ministerio de Economía.

Disposición adicional segunda. *Constitución.*

O Observatorio constituirase dentro dos dous meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto, e as administracións e organizacións que o compoñen deberán propo-los seus representantes no prazo de trinta días contados a partir da dita entrada en vigor.

A convocatoria para a sesión constitutiva será realizada polo secretario de Estado de Enerxía, Desenvolvemento Industrial e da Pequena e Mediana Empresa.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1873/1997, do 12 de decembro, polo que se crea o Observatorio da Pequena e Mediana Empresa, e o Real decreto 2659/1998, do 14 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1873/1997, do 12 de decembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

MINISTERIO DE DEFENSA

23338 *REAL DECRETO 1244/2002, do 29 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de acceso de estranxeiros á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría. («BOE» 287, do 30-11-2002.)*

A Lei 32/2002, do 5 de xullo, de modificación da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, co obxecto de permiti-lo acceso de estranxeiros á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal, que se rexe exclusivamente pola dita lei, autoriza o seu desenvolvemento regulamentario co fin de concretar certas condicións e procedemento de acceso, así como determina-las especificidades necesarias na traxectoria profesional de tal colectivo.

Doutro lado, o Real decreto 1735/2000, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso e promoción nas Forzas Armadas, desenvolve os citados aspectos da Lei 17/1999, do 18 de maio, ó regula-las formas de acceso ó ensino militar de formación para incorporarse ás diferentes escalas dos militares de carreira e para adquiri-la condición de militar de complemento ou militar profesional de tropa e mariñeiría.

Polo presente real decreto apróbase o Regulamento de acceso de estranxeiros ás Forzas Armadas, con claro ánimo integrador e igualitario, que se plasma na aplicación xeneralizada do réxime previsto para os españois con idéntica condición, adecuándose, sen embargo, a aqueles parámetros derivados do concepto tradicional das nosas Forzas Armadas e da misión constitucional que teñen asignada.

En cumprimento do mandato legal determínanse os países que reúnen as condicións de vinculación histórica, cultural e lingüística con España, partindo sempre de que, en todo caso, a súa lexislación ou a que poida establecerse en convenios internacionais debe permiti-lo devandito acceso sen perda da nacionalidade e sen vulnerar prohibicións expresas de alistamento militar nas nosas Forzas Armadas.

Determinase, igualmente, a cota máxima inicial, fixada no 2 por 100 do total de efectivos previstos de tropa e mariñeiría profesional, autorizándose o ministro de Defensa para adecualo, unha vez transcorrido o período inicial de vixencia e atendendo a certos parámetros esencialmente amparados na avaliación do desenvolvemento e eficacia do acceso de estranxeiros ás Forzas Armadas.

Na concreción de especialidades e unidades ás que poden acceder estranxeiros tense en conta con carácter prioritario a seguridade na defensa militar, entendida esta tanto no seu aspecto interno coma no externo derivado da participación de España en organizacións internacionais de defensa.

Unha última imposición de obrigada regulación regulamentaria refírese ás especificidades no ensino de formación que debe tender a lles proporcionar ós citados estranxeiros que accedesen ás Forzas Armadas instrución adecuada respecto ós principios e valores constitucionais e institucionais de España, así como con relación a coñecementos básicos históricos e culturais do noso país.

Esta especificación do ensino recóllese no regulamento proxectado, se ben coa tendencia a que as fases do ensino de formación, xeral militar e específica, de tales estranxeiros, sexa o máis igualitaria posible á impartida ós españois, de tal forma que iso se articula mediante unha posterior concreción dos plans de estudos nos que se recollen tales imposicións legais e as súas finalidades próximas, coa observación de que a devandita adecuación non poderá supoñer un incremento de carga lectiva superior a tres horas semanais respecto ó ensino impartido a españois.

Con independencia destes aspectos legalmente impostos en canto á súa regulación regulamentaria, tamén se recollen no regulamento outros aspectos derivados da modificación legislativa, tanto no referente ó acceso á ensino militar de formación, para a adquisición da condición de militar profesional de tropa e mariñeiría, como no tocante á traxectoria profesional do estranxeiro nas Forzas Armadas españolas, xa sexa mentres ten tal condición de estranxeiro ou cando obtén a nacionalidade española.

No acceso ó ensino militar de formación pártese da premisa de que as prazas que se oferten a estranxeiros non son exclusivas para os que carecen da nacionalidade española, senón que son parte proporcional das globais existentes, de tal forma que, se ben teñen limitación en canto a especialidades e unidades de acceso, as ditas prazas son de oferta xeral, sen que, por tanto, quede eliminada a concorrencia con españois que de maneira igualitaria poden concursar ás ditas prazas.

A residencia legal en España, como requisito para o acceso, concrétese na esixencia de encontrarse nas situacións de residencia temporal ou permanente en España, recollendo así as dúas situacións que co termo de «residencia» se concretan no artigo 29 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Articúlase, tamén, o procedemento para conceder prórroga ou demora na finalización de compromiso suscrito por estranxeiros cando estes instasen a concesión da nacionalidade española.

Por último, régúlase a circunstancia de que o estranxeiro que xa forma parte das Forzas Armadas adquirise a nacionalidade española e continuase prestando servizo; neste caso desaparecen totalmente as escasas limitacións que puidese ter en razón da nacionalidade estranxeira, así como se impón o recoñecemento do tempo de servizo prestado, xa sexa respecto ó estranxeiro que continúa nas Forzas Armadas tras adquirirla nacionalidade española ou con relación a aquel que pretendese acceder como español tras ter prestado no seu momento servizo como estranxeiro.

Un último aspecto que igualmente se contén no regulamento vén referido á expedición de certificación acreditativa de certos extremos, que producirá plenos efectos no expediente de concesión da nacionalidade española en caso de que iso fose instado polo interesado e sempre atendendo ó establecido na Lei e regulamento do rexistro civil.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de novembro de 2002,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento de acceso de estranxeiros á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría, co texto que se insire a seguir.

Disposición adicional única. *Comunicacións diplomáticas.*

1. Este real decreto será posto en coñecemento das autoridades dos países relacionados no anexo I, por medio das correspondentes comunicacións cursadas a través da vía diplomática.

2. A cada comunicación xuntaráse o rogo dirixido a aquelas autoridades estranxeiras, co fin de que, pola súa vez, lles dean noticia ás autoridades españolas das disposicións que estean en vigor na súa lexislación interna, en caso de que existan, consonte as cales os cidadáns do país respectivo perdan a súa nacionalidade ó entraren ó servizo das Forzas Armadas españolas ou teñan prohibición de alistamento militar nelas.

3. Recibida, en calquera momento, polas autoridades españolas unha comunicación en tal sentido procedente daquelas autoridades estranxeiras, nos procesos selectivos que se leven ulteriormente a cabo para cubri-las prazas convocadas para o acceso de estranxeiros á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría de carácter temporal adoptaranse, con respecto ós nacionais do país concernido, as medidas que garantan debidamente o cumprimento das disposicións que estean en vigor na súa lexislación interna, consonte as comunicacións recibidas, excluíndoos mesmo de tomar parte nos ditos procesos selectivos, se fose necesario, e salvo, en todo caso, o que poida establecerse en convenios internacionais concluídos para o efecto.

4. Esta disposición adicional non obstará o dereito dos interesados para acreditar o contido e vixencia do dereito estranxeiro por calquera medio de proba, nin impedirá que as autoridades españolas poidan valerse de cantos medios de pescuda estimen necesarios para a súa aplicación.

Disposición transitoria única. *Convocatoria de prazas para o ano 2002.*

No ano 2002 realizarase unha única convocatoria de prazas para acceso de estranxeiros á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría, independente da convocatoria anual de prazas para acceso de españois a igual condición, sen que resulte de aplicación o establecido no artigo 7 do Regulamento que se aproba e sen que iso supoña incremento dos efectivos totais orzamentarios.

O ministro de Defensa, previamente á convocatoria, determinará o total de prazas a ofertar, distribuídas por exércitos, por proposta dos xefes dos estados maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

c
Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Defensa,
FEDERICO TRILLO-FIGUEROA Y MARTÍNEZ-CONDE

REGULAMENTO DE ACCESO DE ESTRANXEIROS Á CONDICIÓN DE MILITAR PROFESIONAL DE TROPA E MARIÑEIRÍA

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto regula-las condicións e procedemento para o acceso de estranxeiros á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría cunha relación de servicios de carácter temporal, así como a súa traxectoria profesional.

Artigo 2. *Países de orixe.*

1. Poderán optar ó acceso á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría os nacionais dos países que manteñen con España especiais e tradicionais vínculos históricos, culturais e lingüísticos, comprendidos na relación que se contén no anexo I a este regulamento.

2. O disposto no punto anterior terá lugar unicamente con respecto ós estranxeiros nel contemplados, sempre que, pola lexislación do seu país de orixe ou por canto poida establecerse en convenios internacionais, non perdan aqueles a súa nacionalidade ó entraren ó servizo das Forzas Armadas españolas, nin teñan prohibición de alistamento militar nestas.

Artigo 3. *Cota de prazas.*

1. A cota máxima, con vixencia de tres anos, de estranxeiros nas Forzas Armadas coa condición de militar profesional de tropa e mariñeiría será o 2 por 100 do total de efectivos de tropa e mariñeiría profesional a que se refire o punto 1 do artigo 19 da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.

2. Cando o número total de efectivos de militares profesionais de tropa e mariñeiría veña determinado por un máximo e un mínimo, a cota citada no punto anterior estará sempre referida a este último.

3. Transcorrido o período inicial de tres anos, o ministro de Defensa poderá modificar, se é o caso, a cota máxima de estranxeiros, atendendo ó número de efectivos de tropa e mariñeiría profesional, créditos orzamentarios, evolución da profesionalización e proceso de adaptación dos estranxeiros ás Forzas Armadas.

Artigo 4. *Especialidades e unidades.*

1. Os estranxeiros que accedan á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría encadraranse nas especialidades de cada exército que se relacionan no anexo II a este regulamento, de conformidade co que se estableza na correspondente convocatoria.

2. De igual forma, e de acordo co que se estableza na correspondente convocatoria, os estranxeiros que accedan á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría poderán ocupar destino na unidade ou unidades que se determinan no anexo III a este regulamento.

3. O ministro de Defensa, por proposta dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e atendendo ó grao de cobertura das unidades e ás necesidades das especialidades, poderá modifica-lo contido dos anexos II e III.

Artigo 5. *Dereitos e deberes.*

Os estranxeiros que accedan ás Forzas Armadas terán os dereitos e deberes establecidos na Constitución e no resto do ordenamento xurídico, recoñecidos en función da súa condición, e quedarán sometidos ó réxime xeral das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares.

CAPÍTULO II

Acceso ó ensino militar de formación

Artigo 6. *Normativa de aplicación.*

O acceso de estranxeiros ó ensino militar de formación que permite adquiri-la condición de militar profesional de tropa e mariñeiría rexeráse polo disposto na Lei de réxime do persoal das Forzas Armadas, polo Regulamento xeral de ingreso e promoción nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1735/2000, do 20 de outubro, e pola demais normativa de desenvolvemento, coas especificidades sinaladas por este regulamento.

Artigo 7. *Convocatoria anual.*

Na convocatoria anual de prazas para acceso á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría de carácter temporal fixarase, atendendo ó cota máxima establecida e por proposta dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, o número de prazas ás que poden optar estranxeiros en concorrencia con españois.

Artigo 8. *Condicións para o acceso.*

1. Os aspirantes estranxeiros a participar nos procesos selectivos para o acceso á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría de carácter temporal deberán reuni-las seguintes condicións xerais, que acreditarán no tempo e forma establecidos na correspondente convocatoria:

a) Teren a nacionalidade dalgún dos países que se relacionen na convocatoria de entre os citados no anexo I a este regulamento.

b) Encontrárense na situación de residencia temporal ou permanente en España.

c) Teren cumpridos polo menos dezoito anos de idade na data de incorporación ó centro de ensino militar e teren a maioría de idade consonte o disposto na súa lei nacional.

d) Acreditaren boa conducta conforme o establecido na Lei 68/1980, do 1 de decembro, sobre expedición de certificacións e informes sobre conducta cidadá.

e) Careceren de antecedentes penais en España ou nos seus países anteriores de residencia por delitos existentes no ordenamento español.

f) Non figuraren como rexeitables no espazo territorial de países cos que España asinase un convenio en tal sentido.

g) Non estaren privados dos dereitos civís.

h) Non teren sido separados, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas nin estaren inhabilitados con carácter firme para o exercicio da función pública.

i) Posúen a aptitude psicofísica que en cada caso se determine na correspondente convocatoria, e que será verificada mediante as probas que nela se establezan.

2. Deberán reunir tamén os aspirantes estranxeiros, en canto ós niveis académicos, títulos ou niveis de estudo e os límites de idade, as condicións particulares que lles resulten aplicables, de conformidade co disposto na correspondente convocatoria, de entre as que establece o artigo 19 do Regulamento xeral de ingreso e promoción nas Forzas Armadas.

CAPÍTULO III

Ensinio militar de formación

Artigo 9. *Centros de ensino militar.*

O ensino militar de formación poderase impartir nos centros militares de formación ou nas unidades que determine o ministro de Defensa.

Artigo 10. *Fases de formación.*

1. Producida a asignación definitiva de prazas, os aspirantes estranxeiros seleccionados realizarán unha fase de formación xeral militar, seguida doutra de formación específica de igual duración e contido cás establecidas para os nacionais.

2. Malia o indicado no punto anterior, o ministro de Defensa adaptará os plans de estudos dos militares profesionais de tropa e mariñeiría, co fin de lles proporcionar ós alumnos estranxeiros unha instrucción adecuada acerca dos principios e valores constitucionais e as institucións, así como os coñecementos básicos históricos e culturais de España. Esta adaptación non suporá, en ningún caso, un incremento da carga lectiva respecto ós españois superior a tres horas semanais.

Artigo 11. *Réxime de alumnado.*

1. Os alumnos estranxeiros seguirán o réxime de alumnado do centro en que cursan os estudos previstos para os españois.

2. Os alumnos estranxeiros causarán baixa no centro militar de ensino militar correspondente, ademais de polas causas previstas para os españois, por perda da nacionalidade de orixe sen adquiriren a española ou calquera das estranxeiras contempladas na convocatoria na que obtiveron praza.

CAPÍTULO IV

Traxectoria profesional

Artigo 12. *Réxime xeral.*

A relación xurídico-pública de carácter especial que se establece coa sinatura do compromiso réxese pola Lei de réxime do persoal das Forzas Armadas e pola normativa de desenvolvemento, coas especificidades establecidas neste regulamento.

Artigo 13. *Compromisos.*

A relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas establecerase mediante a sinatura dun compromiso único, que terá unha duración, contada desde o nomeamento como alumno do centro de ensino militar correspondente, de tres anos, e producirá, desde a data da súa sinatura, os efectos pertinentes ós fins de residencia e permiso de traballo.

Artigo 14. *Empregos.*

1. O emprego dos militares profesionais de tropa e mariñeiría estranxeiros será o de soldado ou mariñeiro.

2. Como distinción poderase outorga-lo grao de soldado ou mariñeiro de primeira, en función do historial militar e da forma establecida para os españois.

Artigo 15. *Cambio de especialidade.*

Os militares profesionais de tropa e mariñeiría estranxeiros poderán cambiar de especialidade nos termos previstos no artigo 49 da Lei de réxime do persoal das Forzas Armadas coas limitacións de especialidades e destinos previstas nos anexos II e III a este regulamento.

Artigo 16. *Prórroga do compromiso.*

1. O compromiso dos militares profesionais de tropa e mariñeiría estranxeiros non poderá ser prorrogado entrementes manteñan esta última condición.

2. Emporiso, no suposto de ter solicitada a adquisición da nacionalidade española poderá prorrogarse o compromiso ata a finalización do procedemento instruído para tal fin.

Esta demora na finalización do compromiso deberá ser instada polos interesados en prazo non inferior a catro meses anteriores á data prevista de finalización do compromiso, mediante escrito dirixido ó mando ou xefatura de persoal do exército correspondente e acompañado de copia autenticada da solicitude de concesión da nacionalidade española. A resolución que se adopte deberalles ser notificada ós interesados e comunicada ás súas unidades de destino.

Se, tralo procedemento previsto, os interesados non adquirisen definitivamente a nacionalidade española, causarán baixa nas Forzas Armadas. O inicio dun novo expediente de nacionalidade non producirá efecto de prórroga de compromiso.

Igualmente, poderán prorroga-lo seu compromiso ata quince días despois de que conclúa a misión, se así o solicitan, cando formen parte de unidades militares ás que se lles asigne misións fóra do territorio nacional cando o seu compromiso previo remate durante o desenvolvemento de tales misións.

Finalmente, tamén poderán prorroga-lo seu compromiso no caso previsto no artigo 157 da Lei 17/1999, de réxime do persoal das Forzas Armadas, como consecuencia de insuficiencia temporal de condicións psicofísicas.

3. No caso de concesión da nacionalidade española, os interesados poderán continua-la súa relación de servizos como militares profesionais de tropa e mariñeiría nas mesmas condicións có resto dos españois.

Artigo 17. *Finalización e resolución do compromiso.*

1. A relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas cesa pola finalización do compromiso ou por resolución deste.

2. O compromiso contraído finalizará na data de vencemento deste ou cando finalice o procedemento instruído para a concesión da nacionalidade española no suposto recollido no punto 2 do artigo 16 deste regulamento.

3. Ademais do establecido no punto 3 do artigo 148 da Lei de réxime do persoal das Forzas Armadas, o compromiso contraído resolverase ó perde-la nacionalidade de orixe sen adquiri-la española ou calquera outra das referidas no artigo 2 deste regulamento que permiten o acceso á condición de militar profesional de tropa e mariñeiría.

c
4. En caso de finalización ou resolución do compromiso sen ter adquirida a nacionalidade española, o estranxeiro quedará sometido ó réxime xeral de dereitos e obrigas aplicable ós estranxeiros, sen que lle sexa de aplicación o disposto no artigo 169 da Lei de réxime do persoal das Forzas Armadas.

Artigo 18. *Tempo de servicio.*

1. O tempo prestado como militar profesional de tropa e mariñeiría estranxeiro, en caso de adquisición da nacionalidade española e continuación nas Forzas Armadas, será computable para tódolos efectos.

2. Nas convocatorias de ingreso e promoción nas Forzas Armadas valorarase como mérito o tempo prestado polos estranxeiros como militares profesionais de tropa e mariñeiría.

CAPÍTULO V

Adquisición da nacionalidade española

Artigo 19. *Certificacións acreditativas.*

1. O militar profesional de tropa e mariñeiría estranxeiro que se propoña adquirirla nacionalidade española poderá solicitar do xefe da súa unidade a expedición dunha certificación acreditativa de cantos extremos lle constaren acerca dos feitos e circunstancias previstos nos expedientes de nacionalidade regulados na normativa do rexistro civil e, en particular, os relativos:

- a) Á identidade e estado civil.
- b) Ó tempo de servicio prestado nas Forzas Armadas, con indicación do lugar da súa residencia durante o devandito período e, se é o caso, o tempo de servicio que lle queda de compromiso.
- c) Á conducta observada durante a súa permanencia nas Forzas Armadas, con especial mención ó seu grao de adaptación á cultura e estilo de vida españois e á institución militar en particular.

2. Igual certificación poderá solicita-lo militar profesional de tropa e mariñeiría estranxeiro á finalización ou resolución do seu compromiso, a cal conterá ademais mención expresa ó motivo desta última.

Artigo 20. *Expedientes de nacionalidade.*

As certificacións expedidas conforme o artigo anterior poderán producir plenos efectos acreditativos nos expedientes de nacionalidade regulados na normativa do rexistro civil, sen prexuízo dos informes que, en todo caso, deban solicitarse conforme o disposto na dita normativa.

Disposición adicional única. *Distribución de efectivos.*

As prazas que se oferten ata alcanza-la cota máxima de estranxeiros prevista no artigo 3 do regulamento distribuiranse, por proposta dos xefes dos estados maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, nos anos 2003, 2004 e 2005, detraendo aquelas que fosen cubertas na convocatoria única do ano 2002.

ANEXO I

Países de nacionalidade dos estranxeiros

- a) Arxentina.
- b) Bolivia.
- c) Costa Rica.
- d) Colombia.

- e) Cuba.
- f) Chile.
- g) Ecuador.
- h) O Salvador.
- i) Guinea Ecuatorial.
- j) Guatemala.
- k) Honduras.
- l) México.
- m) Nicaragua.
- n) Panamá.
- ñ) Paraguai.
- o) Perú.
- p) República Dominicana.
- q) Uruguai.
- r) Venezuela.

ANEXO II

Especialidades ás que poden acceder estranxeiros

- A) Exército de Terra:
 - a) Infantería lixeira.
 - b) Enxeñeiros.
 - c) Artillería de campaña.
- B) Armada:

Infantería de Mariña.
- C) Exército do Aire:

Seguridade e defensa.

ANEXO III

Unidades ás que poden acceder estranxeiros

- A) Exército de Terra:
 - a) Brigada de Infantería Lixeira «Rey Alfonso XIII», II da Lexión.
 - b) Brigada de Infantería Lixeira Paracaidista «Almogávares VI».
- B) Armada:

Tercio Armada.
- C) Exército do Aire:

Escuadrón de Zapadores Paracaidistas.

MINISTERIO DE FOMENTO

23339 *CORRECCIÓN de erros e errata do Real decreto 642/2002, do 5 de xullo, polo que se aproba a «Instrucción para o proxecto e a execución de forxados unidireccionais de formigón estrutural realizados con elementos prefabricados (EFHE)».* («BOE» 287, do 30-11-2002.)

Advertidos erros e errata no Real decreto 642/2002, do 5 de xullo, polo que se aproba a «Instrucción para o proxecto e a execución de forxados unidireccionais de formigón estrutural realizados con elementos prefabricados (EFHE)», publicado no «Boletín Oficial del Esta-